



BOP

LUNS, 08 DE XULLO DE 2019

N.º 155

DEPUTACIÓN DE LUGO

www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 08-07-2019
ata a día 23-07-2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA DE VIXIANCIA

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14 DE XUÑO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS O POSTO DE TRABALLO DE LETRADO ASESOR ESPECIALISTA EN CONSULTIVO-CONTRATACIÓN, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO.

Anuncio relativo ao acordó da Xunta de Goberno de data 14 de xuño de 2019, que literalmente di:

"Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno, en sesión de data 8 de marzo de 2019, aproba a convocatoria e bases para a provisión dun posto de traballo denominado Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, de persoal funcionario a prover polo sistema de concurso específicos de méritos , facéndose publicas no Boletín Oficial da Provincia número.059, de 12 de marzo de 2019.

A vista da proposta de nomeamento realizada pola Comisión de Valoración, elévase á Xunta de Goberno para que adopte os seguintes Acordos:

1º.- Resolver definitivamente o proceso de provisión nomeando a Don Xoán Carlos Montes Somoza, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso específico de méritos, o posto de traballo número 989, denominado Letrado Asesor Especialista en Consultivo-Contratación, adscrito a Asesoría Xurídica, reservado a persoal funcionario, nivel complemento de destino 27.

2º.- Publicar o Acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 8".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 1 de xullo de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1934

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 08-07-2019
ata a día 23-07-2019
O XEFE DE UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

